# O CINE E AS BANDAS SONORAS




O cine é unha linguaxe audiovisual que inclúe música,ruidos, imaxes e voz para narrar unha historia ou argumento. A banda sonora é o conxunto de música , imaxes, efectos sonoros e diálogos que interveñen nunha película. O seu nome provén da época na que o audio se gravaba aparte da imaxe nunha cinta ou banda sonora.

As funcións das bandas sonoras son múltiples: ambientar a película no seu marco espazotemporal, intensificar as emocións dos personaxes, marcar cambios de escena, acción,definir aos protagonistas,...

Ao igual que en Literatura, segundo o argumento dos filmes distinguimos distintos xéneros . Algúns dos xéneros cinematográficos musicais máis usuais:

-Animación

- Ciencia Ficción

- Western

- Intriga, terror ou misterio.

- Histórica ou de época

- Romántica

- Drama

- Comedia

- Musical

- Acción

- Biopic (biografía)

- Novela (basada en libros )

1- Relaciona cada vídeo co seu xénero cinematográfico:

- VÍDEO 1
- VÍDEO 2
- VÍDEO 3
- VÍDEO 4
- VÍDEO 5
- VÍDEO 6
- VÍDEO 7
- VÍDEO 8
- VÍDEO 9
- VÍDEO 10

- VÍDEO 11

- VIDEO 12

2- Tamén hai unha serie de compositores destacados que non deben faltar na vosa elección. Algúns deles son:

- Joe Hisaishi
- John Williams
- Henry Mancini
- John Barry
- Ennio Morricone
- Hans Zimmer
- James Horner
- Alan Menken

Premendo no hipervínculo de compositores terás acceso a máis información. Averigua alomenos un título dalgúns dos seus traballos máis destacados. No caso de John Williams inclúe varios.

COMENTA UNHA BANDA SONORA

E GRAVA E EDITA CON AUDACITY

Para realizar esta actividade, realiza previamente un guión de traballo no que comentes os seguintes aspectos sobre a banda sonora que ti elixas:

1- PRESENTACIÓN E DATOS SOBRE A BSO
(Pon unha música de introdución que serva de fio conductor ao teu comentario )

- Título da película e xénero cinematográfico, ano de estreno, director.
- Compositor. Estilo de música da BSO. Breve biografía e outros traballos deste compositor.

2- ARGUMENTO DA PELÍCULA. SELECCIÓN DE DOUS/ TRES FRAGMENTOS MUSICAIS

Selecciona dous ou tres fragmentos musicais da BSO, indicando en que momentos da película aparece ou con que personaxes se relaciona.

Opinión e xustificación da elección desta banda sonora. Cales son os motivos de que funcione tan ben na película.